

“O da mínima presenza de mulleres na Academia é un asunto que leva moito tempo no aire –cóntanos María Reimóndez– e, xa dende hai anos, somos moitas as que nos temos manifestado tanto na prensa como noutros foros ao respecto do que nós consideramos unha inxustiza. Ao quedaren recentemente tres cadeiras baleiras e comprobar que para a primeira vacante que se ocupou, que era a de Olga Gallego, foi elixido un home, decidímonos a tomar unha posición máis activa”.

– **A quen está dirixido este manifesto? Á sociedade galega, en xeral, ou estrictamente á Academia?**

– O manifesto está dirixido á sociedade. No que podería estar dirixido a Academia, é no senso de facer visible que na sociedade na que vivimos hai situacións que non se poden tolerar por máis tempo, unha desigualdade acumulada deste calibre. A Academia é un organismo autónomo que toma as súas propias decisións, pero era importante comunicarlle esa preocupación social, facer patente que nos tempos que vivimos non hai escusas que vailan, e menos esa de que non existen mulleres que teñan o suficiente currículo para seren elixidas: hoxe, ese é un argumento que cae polo seu propio peso. Nós pensamos que había que facer ver isto e manifestar que non é lexítimo que unha institución que representa unha serie de valores tan importantes para a definición de nación, de lingua e da nosa identidade colectiva, siga deixando fóra o cincuenta por cento da poboación.

– **Dende os tempos da presidencia de Fernández Del Riego, a Academia vén desenvolvendo un proceso de renovación que agora mesmo encarna Méndez Ferrín. Sente que, nese proceso renovador, esquecéronlle as mulleres?**

– É que non se pode falar de renovación, cando seguimos insistindo no mesmo xénero. As mulleres non somos unha unidade monolítica; é dicir, que dentro desa renovación hai espazo para as mulleres porque todas temos un perfil diferente. Se queres renovar en termos de xeración, de ideoloxía, de normas lingüísticas, pois adiante... pero resulta que hai mulleres que representan todas estas opcións tamén pero que, en cambio, fican sen estar representadas.

– **E non resulta, cando menos sorprendente, que entre os académicos, maioritariamente de esquerdas e nacionalistas, prime esta postura, digamos “machista”?**

– Non, non me sorprende en absoluto. De cousas como o sexismo, a homofobia, o racismo... non queda libre ningún. A menos que se traballe desde o feminismo, que é o único movemento crítico que engloba todos estes aspectos, sempre haberá puntos cegos, e curiosamente o punto cego máis habitual é o da igualdade de xénero.

– **Entón, falemos claro, segundo vostedes, o problema ten un nome e ese nome é machismo. A RAG é machista?**

– A Academia está inmersa na sociedade, igual que o resto das institucións, organismos ou entidades. Loxicamente, vivimos nunha sociedade patriarcal, onde os homes perpetúan os homes, e iso continuará así ata que ese ciclo rompa, sexa mediante iniciativas legais, mediante leis que promovan a paridade, mediante cotas ou mediante calquera outro mecanismo... O malo é que na Academia, ese círculo non se dá rachado e iso si que é moi grave.

– **Hoxe xa non hai ningún que discuta o protagonismo das mulleres nas letras galegas, pero de sempre se soubo que as institucións son máis lentas en reaccionar que a sociedade. Quizais esa podería ser a causa de raíz do “atraso” da Academia en recoñecer ese protagonismo...**

– Iso é certo, pero non temos por que permitilo. As institucións van lentas, e incluso moi lentas. No caso da Academia, nos cento e pico de anos que leva de existencia, houbo moitos momentos históricos nos que este tema saíu, ao mellor non coa forza da actualidade, pero sempre se lle puxeron moitos impedimentos a distintas mulleres



FOTO: XOÁN ÁLVAREZ

María Reimóndez

“As mulleres sentímonos fóra do proceso renovador da Academia”

Escritora e tradutora, María Reimóndez é unha das impulsoras do manifesto “O xogo das cadeiras”, que reivindica unha maior presenza feminina na Real Academia Galega, da que na actualidade só forman parte catro mulleres. Apaixonada e contundente nos seus plantexamentos, Reimóndez fálanos dunha iniciativa que está dar moito que reflexionar asemade que, a xulgar polas súas palabras e máis o título escollido, deixa moi claro que o das cadeiras académicas non constitúe precisamente un xogo.

LOURDES VARELA

para entrar, aínda que o mereceran de sobra. Pero agora as cousas xa chegaron a un punto en que non se pode argumentar que hai que ser pacientes.

– **Que reacción oficial esperan por parte da Academia?**

– A única reacción que esperamos son os feitos.

– **Sería partidaria de que, igual que fan nas listas algúns partidos políticos, a Academia decretase obrigatoria a paridade?**

– A Academia non é unha institución que funcione así. Non poderexirse por eses procesos. Primeiro, porque neste momento a desigualdade é tan grande que non é posible. Segundo, porque a Academia non é un partido político, os postos son vitalicios e entón non é posible regulamentalo así. Ten que ser un acto de vontade das persoas que forman parte da institución.

– **Chegado o caso de que para unha mesma cadeira houbera unha candidatura dunha muller e outra dun home, cre que lla deberían outorgar á primeira só polo feito de aumentar a presenza do seu xénero?**

– Pois si. No caso que me plantexas, e considerando que só hai catro mulleres, esa cadeira debería ser para unha muller. Abundan as mulleres que teñen méritos suficientes para entrar e, ademais, a isto hai que sumarlle o mérito engadido de equilibrar un desequilibrio.

– **Porén, hai voces neste debate que se preguntan se concederlle as cadeiras ás mulleres, por seren mulleres, e para aumentar o seu número, non é tamén unha outra forma de sexismo.**

– Se alguén di isto, necesita reconsiderar a súa situación. Considéro iso algo insultante e de mal gusto, pero, en fin, tamén son consciente de que no debate sempre vai haber opinións desa índole. De todos os xeitos, eu teño máis cousas que facer na miña vida que andar argumentando se as mulleres somos seres humanos, eu prefiro estar a outro nivel.

– **Na Academia de Belas Artes, neste momento, a presidencia recae nunha muller. É que existe tanta diferenza de sensibilidades dunha institución á outra?**

– Non nos podemos centrar en que haxa unha muller presidenta, porque iso non soluciona nada. Tamén houbo unha Margaret Thatcher. Non quere dicir que unha institución sexa sensible ao criterio de xénero. Iso será así cando haxa unha serie de mulleres diversas, cada unha coa súa identidade e a súa traxectoria dentro das institucións. Ata o daquela, datos coma ese non son para nada significativos.

– **Na presentación do manifesto declarou que ve indigno ter que argumentar a presenza das mulleres na Academia. Non se pode considerar igual de indigno ter que reclamálo a estas alturas do século XXI?**

– É que se non se reclaman, as cousas non pasan. Se algo nos aprende o feminismo é que os cambios hai que facelos.

– **Poderíase pensar que ese é un feminismo doutra época...**

– Pois eu insisto; que miren as cifras e que me digan se pasou de época.

– **Vostede, como escritora, caracterízase por darlle sempre, na súa obra, relevancia ás mulleres. A súa idea é manter esta liña pase o que pase?**

– Nos meus libros e, en xeral, en todo o que eu fago, escribo desde unha posición feminista. Non podo deixar a miña maneira de ver a vida pendurada no armario, nin cando escribo nin cando fago outras cousas. Loxicamente, no momento que vivimos e tendo en conta que a maioría das voces que escriben son de homes, que contan historias de homes, narradas por homes e con protagonistas homes, paréceme relevante que as mulleres tomemos a palabra e contemos o que nos corresponde. Claro, isto non é determinismo biolóxico. O que si coído é que, ou moito cambia a sociedade, ou eu non vou abandonar a miña postura feminista porque me parece a única forma coherente de estar na sociedade e de buscar alternativas para melloralas.